



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE CONVOATORIA PLENO ORDINARIO 24 DE SETEMBRO DE 2015.

Nº 647-2015

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e visto o acordo plenario adoptado no punto número un da orde do día da sesión realizada o 12 de xullo de 2011,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **24 de setembro de 2015 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión anterior de data 30 de xullo de 2015.
2. Ratificación da resolución do Alcalde-Presidente nº 366/2015 pola que se aproba o modificado nº 2 do proxecto técnico da obra "Pavimentación e Acondicionamento Pista Veciñal no lugar de Lamas, incluída no POS/2014.
3. Aprobación Conta Xeral 2014. Adopción dos acordos que procedan.
4. Moción do grupo municipal do Ps de G-Psoe para "que se proceda ao bacheado e acondicionamento de pistas e camiños, antes de que empecen as chuvias do outono/inverno.
5. Moción do grupo municipal do Ps de G-Psoe sobre "o abandono e deterioro que está a sufrir o Xardín Botánico Histórico Artístico de Padrón."
6. Moción grupo municipal do Ps de G-Psoe sobre "Ocupación do Cauce do Río Sar por Troncos de árbores".
7. Moción do grupo municipal CIPA sobre deficiencias na urbanización de "A Azucarera".
8. Moción do grupo municipal CIPA sobre "eliminación de amianto nas redes de distribución de auga potable".
9. Moción do grupo municipal CIPA sobre "instalación eléctrica no Concello de Padrón, expediente IN407a 2015/223-1"
10. Moción do grupo municipal BNG sobre "Apoio ás persoas refuxiadas e migrantes en Europa".
11. Moción do grupo municipal Ps de G-Psoe sobre "Atasco que se produce á saída dos alumnos/as nas proximidades do aparcamento do CEIP Flavia e IES Camilo José Cela"
12. Moción do grupo municipal CIPA sobre "Adopción de medidas de seguridade vial no Lugar de Extramundi".
13. Moción do grupo municipal do BNG "en defensa do sector lácteo galego".
14. Moción do grupo municipal do BNG para "elaboración do Regulamento de Participación Cidadá do Concello".

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

15. Dar conta das Resolucións do Alcalde dende a realización do derradeiro Pleno Ordinario.
16. Mocións de urxencia.
17. Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e a todos os Concelleiros membros da Corporación Municipal, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 21 de setembro de 2015.

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira.

Ante min.

O Secretario.



Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle